



Área / Unidad EMPRESA PS0001 MPT	Documento 52716I0162	
Código de verificación  506I 6Y71 1S5D 0W0I 09OG	Expediente 527/2022/101	
	Fecha 17-11-2022	

Bases da convocatoria de subvencións para ofrecer incentivos económicos a empresas (pemes), autónomos e entidades de economía social que serva para mobilizar locais comerciais baleiros, ao tempo de mellorar o tecido económico e social da Coruña, no marco do Programa “Mover os baixos”.

I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1. Obxecto

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 12 de abril, reguladora de bases do réxime local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven, convócanse subvencións coa finalidade de incentivar a dinamización do tecido empresarial local apoiando o proceso de creación de empresas e aquelas empresas que implementen medidas innovadoras e sostibles cun impacto positivo na cidade e no desenvolvemento da economía local no municipio da Coruña no marco do Plan de dinamización “Mover os baixos”.

Igualmente, constitúe o seu obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións a entidades físicas e xurídicas que iniciasen unha nova actividade empresarial ou profesional, mediante unha subvención a fondo perdido de ata un máximo de 3.000 euros, excepto no suposto contemplado na base 8ª, para minimizar os gastos iniciais promovendo a consolidación de empresas.

Base 2. Finalidade

A finalidade desta convocatoria é promover a consolidación do tecido comercial, profesional, hostaleiro e en xeral empresarial, así como apoiar o mantemento e creación de emprego que xera este sector económico no municipio da Coruña. Este tecido empresarial está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, a quen se dirixen estas subvencións para o mantemento da actividade económica, segundo sinalan as seguintes Bases. Ademais búscase fomentar as entidades de economía social reguladas na Lei 6/2016 do 4 de maio de economía social de Galicia e na lei estatal 5/2011 do 29 de marzo.

Base 3. Réxime Xurídico

3.1 A presente convocatoria rexeráse integramente polas presentes Bases e polas seguintes outras normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións (en diante Lei xeral de subvencións).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Regulamento xeral de subvencións).
- Ordenanza xeral de subvencións da área de benestar do Concello da Coruña, publicada no BOP nº 40 de 19/02/2005 (<http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2005/02/19/1824-0.htm>).
- Demais regulamentos de desenvolvemento e outras normas concordantes

Ademais, o gasto para a tramitación desta convocatoria específica farase por tramitación anticipada de acordo co establecido na Base 5ª de Execución do orzamento.

3.2 As Bases completas estarán ao dispor das persoas interesadas no Taboleiro de anuncios e edictos da Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/>, e na Base de datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>, e un extracto das mesmas publicárase no Boletín oficial da provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>

Base 4. Crédito orzamentario

4.1 O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica que se tramitará anticipadamente será de novecentos mil euros (900.000,00 €) destinadas a gastos correntes para subvencións de actividades económicas campaña “Mover vos baixos”. Distribúese este importe en dúas subliñas en función do beneficiario:



- A) 800.000 euros para pequenas e medianas empresas (Pemes) e persoas autónomas.
B) 100.000 euros para Entidades de economía social reguladas na lei 6/2016 do 4 de maio de economía social de Galicia e lei estatal 5/2011 do 29 de marzo.

4.2 O crédito orzamentario indicado é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

4.3. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral de subvencións, no caso de que este crédito se incrementase como consecuencia de calquera tipo de modificación orzamentaria que proceda, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional quedará condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

No suposto que unha vez resoltas todas as solicitudes presentadas para calquera de ambas subliñas, restase parte do crédito destinado á mesma, este poderá utilizarse na outra subliña no suposto que se tivera esgotado o crédito e quedasen solicitudes sen atender.

Base 5. Límite máximo da subvención para cada entidade / acode beneficiaria

O importe máximo da subvención non poderá superar para cada persoa beneficiaria física ou xurídica a contía de 3.000,00 €, , excepto no suposto contemplado na base 8, que poderá alcanzar os 6.000 euros.

Os socios, socias ou accionistas dunha sociedade ou entidade de economía social non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa presentaron solicitude pola sociedade ou entidade da que forman parte. Teranse por desistidas as solicitudes individuais neste caso.

Base 6. Compatibilidade

Esta subvención é compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas. Con todo, no suposto de recibir outras subvencións polo mesmo gasto realizado, en ningún caso as subvencións concedidas poderán superar o custo da actividade subvencionada, procedendo ao reintegro pola parte dos ingresos que excedan do gasto realizado.

Ademais, están sometidas ao réxime de minimis en todas as súas liñas, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 do 24 de decembro de 2013).

Base 7. Persoas beneficiarias

7.1 Poderán ser beneficiarias das axudas recollidas na presente convocatoria:

a) As persoas físicas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

b) As sociedades de calquera clase que teñan a condición de microempresa, que teñan personalidade xurídica propia e estean legalmente constituídas. No caso das sociedades civís, estas deberán constituírse mediante escritura pública e estar debidamente rexistradas para poder ter a condición de beneficiarias destas subvencións.

Para a definición de microempresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas, excepto no relativo ao importe neto da cifra anual de negocios, que no referente á presente convocatoria de subvención establécese nun millón de euros. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias, tendo en conta a redución na cifra de negocios anteriormente sinalada:

a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.

b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere na presente convocatoria de subvención un millón de euros.

c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

c) As entidades de economía social reguladas pola lei 6/2016 do 4 de maio de economía social de Galicia e en lei estatal 5/2011 do 29 de marzo.

7.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán estar cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral nos artigos 11 e 13 da Lei xeral de subvencións e os especificamente fixados nos apartados anteriores, os seguintes:

7.2.1 Requisitos comúns:

- Que teñan xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
- Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, o cal se acreditará mediante declaración responsable, a excepción do suposto de importe máximo previsto na Base 8ª. Admítase que teña solicitado e concedido o aprazamento do reintegro no seu caso.



- Que iniciasen unha actividade empresarial ou profesional no municipio da Coruña en data comprendida **entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de xuño de 2023**, ambos inclusive e que estean validamente constituídos coa súa correspondente alta en Facenda e na Seguridade Social neste período. Que manteña dita actividade sen interrupción durante os anos 2022 e 2023.
- Será considerado como **inicio da actividade** empresarial a **alta no Réxime especial da Seguridade Social para traballadores autónomos (en diante RETA)**, mutualidade ou colexio profesional correspondente. A data do recoñecemento da alta deberá estar comprendido nas datas obxecto da convocatoria. Só nos supostos que o autónomo/a tivese unha alta previa noutra actividade, deberá acreditar a comunicación á Seguridade Social do cambio de actividade na súa CNAE correspondente.
No caso de entidades con personalidade xurídica, o inicio da actividade será a alta nas datas obxecto da convocatoria do socio/a que ostente o cargo de administrador/a da empresa e en caso de administración mancomunada polo menos un/a dos administradores/as solidarios/as deberá ter un recoñecemento de alta nas datas obxecto da convocatoria e na actividade para a que solicita a subvención.
- Que a actividade radique no termo municipal da Coruña
- En caso que a actividade non teña establecemento permanente: que a entidade beneficiaria teña o seu domicilio fiscal no termo municipal da Coruña.
- Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

Para tramitar este procedemento, e de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña poderá consultar os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

-NIF da entidade solicitante.

-Certificación ou consulta expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes e locais do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a persoa solicitante.

-Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

-Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Tesourería Xeral de Seguridade Social.

-Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións co Concello da Coruña

-Consulta de concesións de subvencións e axudas.

-Consulta de vida laboral, no seu caso.

-Consulta de cotas ingresadas na Seguridade Social ou Mutualidades, no seu caso.

-Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

-Consulta de concesións pola regra de minimis .

Tendo en conta o carácter extraordinario destas subvencións, a obrigación de estar ao corrente coas administracións tributarias e de Seguridade Social, tramitarase mediante declaración responsable, ao non superar os 3.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións, excepto no suposto contemplado na Base 8ª en canto á contía máxima da subvención.

7.3 Persoas excluídas

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e calquera outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro, congregacións e institucións relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes, así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta, así como as empresas que formen parte dun grupo empresarial, nos termos regulados no artigo 42 do Código de comercio, sen prexuízo de que as persoas pertencentes a calquera destas entidades soliciten a subvención a título individual como persoa física.

7.4 Obrigacións das entidades beneficiarias:

As establecidas no art. 14 da LGS que son:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións. O que neste caso concrétese en:

- Manter a súa actividade ininterrompidamente desde o inicio da actividade empresarial e ata o 31 de decembro do 2023.
- Manter o domicilio da actividade no termo municipal da Coruña desde o inicio da actividade empresarial e ata o 31 de decembro de 2023.

b) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, a entidade colaboradora ou medio propio, no seu caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar ao órgano concedente, entidade colaboradora ou medio propio a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á concesión e xustificación da subvención.

d) Acreditar, en caso de que se lle solicite, que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa AEAT, a Seguridade Social e o Concello da Coruña.



e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LGS.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 de dita Lei.

Base 8. Contía das axudas. Gastos subvencionables e non subvencionables.

Considerarase gasto subvencionable aquel que de maneira indubitada levase a cabo no período subvencionable e responda á natureza dos gastos sinalados nas presentes bases.

Financiarase o gasto subvencionable xustificado ata un importe máximo individualizado por persoa ou entidade beneficiaria de 3.000 €.

O límite máximo de 3.000 euros por beneficiario poderase incrementar ata o importe de 6.000 euros no caso que o solicitante xustifique que o local no que desenvolve a súa actividade estaba baleiro de modo continuado desde o 1 de xaneiro de 2021 ata a data de formalización do seu contrato de arrendamento, que non poderá superar o límite do 30 de xuño de 2023.

Este incremento do máximo da subvención aplicarase a todos os conceptos subvencionables recollidos nas presentes bases.

Son subvencionables os seguintes gastos:

a) **Gastos de constitución empresarial:** rexistro, notaría para a escritura de constitución de sociedade e redacción de estatutos, pacto de socios, proxectos técnicos para a obtención de licenza municipal de actividade, rexistro de patentes e marcas; **só en caso de ter local directamente afecto á actividade no municipio da Coruña.** Estes gastos non poden cualificarse como gastos de investimento ou activables.

b) **Gastos de alugueres de baixos ou locais situados en entreplantas** dedicados a actividades económicas, empresariais ou profesionais e que se atopen localizados no termo municipal da Coruña, desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de xuño de 2023. Dado que a finalidade da subvención, entre outras, é promover o **aluguer de baixos ou locais situados en entreplantas** que permanezan cerrados (ou ben que sufran un cambio de arrendatario), é requisito imprescindible que o contrato de aluguer se formalizara con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022, non podendo optar a este axudas arrendatarios cuxos contratos estivesen formalizados con anterioridade a esta data (aínda que só serán subvencionables as mensualidades de xaneiro a xuño de 2023). Exclúense destas axudas as prórrogas dos contratos de aluguer.

A efectos da subvención, consideraránse entreplantas aqueles locais situados entre as plantas baixas y os pisos primeiros, que tenga uso **exclusivo** de comercial o empresarial.

Prohíbese expresamente o subaluguer dos locais obxecto da subvención.

Este local **deberá figurar como establecemento permanente no certificado da situación censal da actividade económica que se incorpora na documentación da solicitude**, sen que teñan esta consideración os locais indirectamente afectos á actividade económica.

Este local debe ser un **baixo a pé de rúa ou praza de uso público, e locais situados en entreplantas dedicados a uso comercial ou oficinas.**

Quedan excluídas destas axudas as grandes superficies comerciais.

Inclúense expresamente dentro destas axudas conceptos asimilables ao dos alugueres, como poden ser as concesións administrativas.

No importe da renda non se poderán incluír outros gastos distintos do importe do aluguer ou ocupación, tales como o IVE, gastos de comunidade, recollida de lixos, derramas, etc.

Non se subvencionarán os arrendamentos nos que exista relación de parentesco ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou demais supostos e condicións dos artigos 68 do Regulamento Xeral de Subvencións e 29 da Lei Xeral de Subvencións e demais normas concordantes. Este extremo incluírase na declaración responsable que se incorpore á solicitude da subvención.

c) Gastos que se executen no local arrendado, que cumpra os requisitos para ser subvencionable, de reparación e mantemento necesario para o desenvolvemento da actividade. Estes gastos non poden cualificarse como gastos de investimento ou activables.

d) **Gasto corrente** (electricidade, calefacción, seguridade, consultaría) **só en caso de ter local directamente afecto á actividade.** O contrato deberá estar a nome da entidade solicitante da subvención.

e) **Primas de seguros** de responsabilidade civil (cota anual) e doutros seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade; **só en caso de ter local directamente afecto á actividade no municipio da Coruña.**

f) **Establecemento ou mellora da identidade corporativa:** gastos relativos á realización de logotipos, tarxetas de presentación, sobres, etiquetas, cartafolios, facturas, catálogos, folletos, cartelería, así como do deseño e elaboración de embalaxes e envases personalizados. Estes gastos non poden cualificarse como gastos de investimento ou activables.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

g) Gastos relativos á elaboración de proxectos sostibles no ámbito do aforro enerxético, transición enerxética ou dixital que se vaia a executar no local alugado, que cumpra os requisitos para ser subvencionable. Estes gastos non poden cualificarse como gastos de investimento ou activables.

h) En exclusiva para a liña destinada a aquelas Entidades de economía social reguladas na lei 6/2016 do 4 de maio de economía social de Galicia e lei estatal 5/2011 do 29 de marzo; a cuxos efectos se reserva o importe de 100.000 euros do importe total: **gastos derivados da realización de proxectos cualificados como de economía social**, conforme aos principios reitores recolleitos no artigo 5 da Lei 6/2016 do 4 de maio, que se desenvolvan no municipio da Coruña por algunha das entidades incluídas no catálogo galego de entidades de economía social; **só en caso de ter local directamente afecto á actividade no municipio da Coruña**.

Estes gastos non poden cualificarse como gastos de investimento ou activables.

Requisitos dos gastos subvencionables:

1. Que sexan realizados e efectivamente pagados polo solicitante no prazo comprendido no período subvencionable (1 de xaneiro de 2022 a 30 de xuño de 2023); fóra dos gastos de aluguer que deben corresponder aos meses de xaneiro a xuño de 2023, ambos inclusive.

2. Só se admitirán, a efectos de xustificar a contía do gasto, os **pagos** efectuados e **acreditados mediante factura e conseqüente comprobante bancario de pago**, que cumpra os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se Regulan as Obrigacións de Facturación. As facturas deben estar emitidas a nome da entidade solicitante da subvención. Ademais deben conter a seguinte información:

- Número da factura e data de expedición
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, número de identificación fiscal e domicilio do provedor/a
- Concepto do gasto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto, así como calquera desconto ou rebaixa
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións segundo corresponda

3. Non se admitirán como xustificantes de gastos os albarás, as notas de entrega nin as facturas pro-forma.

4. Non se considera xustificado ningún gasto aboado en efectivo en ningún caso, nin aqueles nos que non conste clara e irrefutable a trazabilidade entre o gasto e o aboamento do mesmo.

Base 9. Procedemento: Réxime e inicio.

Establécese un procedemento de concesión que ten a consideración de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que de acordo coa finalidade e obxecto da convocatoria non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia na persoa ou sociedade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario seguindo estritamente a súa orde de presentación; por este motivo, non é necesario ponderar as solicitudes nin constituír unha mesa de avaliación.

Con todo, no caso de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superar o seu importe máximo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada, e se coincidisen na mesma data a prelación virá determinada pola hora de presentación da solicitude.

Base 10. Procedemento: Órgano instructor e órgano competente para a resolución do procedemento

10.1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións reguladas nas presentes bases corresponderá á entidade colaboradora coa Administración destas subvencións, que será a empresa municipal de vivenda e servizos S.A. Emvsa, medio propio do Concello da Coruña, sin que dita xestión supoña a entrega e distribución dos fondos públicos destinados ás mesmas as persoas físicas o xurídicas beneficiarias. Dito medio propio actuará en calidade de órgano instructor según recolle o artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

10.2A proposta final da resolución será supervisada aos efectos da súa validación e sinatura polo persoal funcionario da Área de emprego que se designe. O órgano competente para a resolución e pago das solicitudes presentadas será, por delegación da Xunta de Goberno local a persoa titular da área de educación, memoria histórica, innovación, industria e emprego

Base 11. Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes.

11.1. Presentación de solicitudes de subvención.

As solicitudes de subvención deberanse presentar mediante declaración responsable que se cubrirá en liña na Sede electrónica do Concello da Coruña. A declaración responsable de solicitude da subvención deberá estar, en todo caso, **asinada dixitalmente polo interesado** no procedemento por calquera dos mecanismos de firma admitidos pola sede electrónica do Concello da Coruña.

En relación coa presentación de solicitudes, as persoas beneficiarias ás que vai dirixida esta convocatoria son as persoas autónomas que xa teñen o deber de relacionarse por medios electrónicos coa Seguridade Social (artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, modificada pola Orde ESS/214/2018, do 26 de marzo), e sociedades e profesionais, que de



acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Por tanto, as solicitudes deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario de declaración responsable de solicitude dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), ao que se unirá o resto de documentación xustificativa establecida nas Bases da presente convocatoria.

Cada persoa solicitante só poderá presentar a solicitude de axudas desta convocatoria unha única vez. Ao ser válida unha única solicitude por persoa física ou xurídica, no caso de que algunha persoa presentase unha nova solicitude, entenderase que desiste das anteriores solicitudes presentadas.

No caso de que se presente a solicitude de maneira presencial, entenderase esta por non presentada xa que o requisito de solicitude telemática é obrigatorio de acordo coas presentes Bases.

Para presentar a solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica do Concello da Coruña.

11.2. Prazo de presentación de solicitudes de subvención.

A convocatoria de subvención abrírase coa publicación das presentes bases no boletín oficial da provincia da Coruña, prevista para o mes de xaneiro de 2023. A convocatoria estará aberta ata esgotar o crédito dispoñible e en todo caso ata o 31 de xullo de 2023.

11.3. Documentación das solicitudes de subvención e representación.

As solicitudes, que deben estar **en todo caso asinadas dixitalmente pola persoa interesada**.

O solicitante poderá presentar a solicitude de subvención, acompañada ou non da documentación que se indica no apartado correspondente á súa xustificación. No caso das sociedades, a solicitude debe estar asinada polo administrador da mesma.

A persoa solicitante pode designar representante segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pero ao iniciarse o procedemento mediante declaración responsable de solicitude, esta declaración responsable deberá estar **asinada dixitalmente pola persoa interesada e pola persoa que asuma a representación**, sen prexuízo de que se entenda o procedemento en diante con quen nomee como o seu representante.

No caso de que a declaración responsable non estea asinada dixitalmente pola persoa interesada, o representante deberá contar, segundo o artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas con apoderamento suficiente para presentar declaracións responsables no nome do/da interesado/da principal.

Ademais, e de ser o caso, deberá achegar a documentación acreditativa da representatividade e xustificación do NIF de quen ostenta a representación. Neste caso será necesario presentar os certificados de estar ao corrente das obrigacións tributarias e da Seguridade Social da persoa solicitante.

11.4. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención.

11.4.1. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na Lei xeral de subvencións, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia na que se presentaron ou, no seu caso, na que se emitiron, e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou a quen actúe como representante, a presentación deste documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de concesión.

11.4.2. Os documentos de solicitude mediante declaración responsable e os que conformen a conta xustificativa do gasto polo que se solicita a subvención contida nesta convocatoria son de presentación obrigatoria.

11.4.3. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación é correcta e a veracidade do contido das declaracións das persoas solicitantes, xa sexa polo propio Concello ou a través dos servizos de auditoría que se poidan contratar.

A concesión de axudas reguladas nesta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia **non competitiva**, establecéndose como criterio de valoración a **data e a hora que figuren rexistradas na solicitude**.

Cada entidade poderá presentar unha **única solicitude**.

Conforme dispón o art. 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso **obligatorio** polos interesados.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Os documentos a presentar son

- 1.- **Instancia xeral** asinada no seu caso (sede electrónica municipal)
- 2.- **Anexo 1 asinado** ao que se achegará de conformidade co mesmo:

- Datos de identificación da empresa solicitante e declaración responsable
- Declaración responsable asinada polo solicitante da subvención
- Documentación obrigatoria a presentar relativa á empresa

1.- Fotocopia do DNI do solicitante da subvención e no seu caso acreditación da representación na que actúa.

2 Fotocopia do DNI ou NIE do empresario individual ou fotocopia da tarxeta de identificación fiscal (NIF) nos demais casos.

3 No caso de persoa xurídica: fotocopia do DNI ou NIE de todos os socios/as.

4 Escrituras de constitución da empresa ou entidade coas súas posteriores modificacións e inscrición nos rexistros que corresponda.

5 Fotocopia do Certificado actualizado de situación no Censo de Actividades Económicas da AEAT, onde conste a identificación, domicilio fiscal, actividade ou actividades que realizan e o local afecto directamente á actividade e a dirección completa do mesmo.

6 Fotocopia da Alta na Seguridade Social, mutualidade ou Colexio Profesional correspondente do autónomo ou dos socios que ostenten a representación da empresa, segundo corresponda. En caso de alta previa noutra actividade deberá acreditar a comunicación á Seguridade Social do cambio de actividade na súa CNAE correspondente.

7 Informe actualizado e completo de vida laboral do empresario/a individual ou de todos/as os/as socios/as da empresa (a excepción dos só capitalistas). No caso de mutualidades deberá presentarse informe emitido pola Mutualidade Correspondente no que figuren as altas e baixas do/a interesado/a.

8 Certificado de titularidade de conta bancaria (só unha conta) a nome do empresario individual ou a nome da empresa, segundo corresponda, con referencia ao código IBAN, onde ingresar a subvención en caso de ser beneficiarios.

9 Copia das facturas xustificativas dos importes solicitados efectivamente pagadas e o seu correspondente comprobante bancario de pago e extracto bancario do mesmo.

10 No caso de que o/a solicitante tivese concedido un aprazamento/fraccionamento de débedas coa AEAT, a TGSS ou coa Tesourería Municipal do Concello da Coruña deberá presentar coa solicitude, a Resolución de concesión do mesmo.

11 No suposto que se solicite axuda por encima do máximo inicial de 3.000 xustificando o arrendamento dun local que estaba baleiro desde, polo menos, xaneiro de 2021 ata a formalización do contrato de arrendamento polo solicitante da subvención; deberá o beneficiario xustificar dita desocupación con declaración xurada asinada pola propiedade do inmovible na que expresamente conste que o local permaneceu baleiro de forma continuada desde xaneiro de 2021 ata a data de formalización do contrato de arrendamento. O Concello ou o medio propio a través do cal se tramita a subvención resérvase o dereito de comprobar a veracidade de dita declaración sempre que o considere oportuno e a través de calquera medio de proba que estime pertinente.

Documentación específica xustificativa da subvención:

Esta documentación presentarse no suposto que se opte por solicitar e xustificar a subvención conxuntamente, circunstancia que ha de quedar reflectida na instancia de solicitude.

No suposto que se solicite a subvención e se opte por xustificar a mesma nun acto posterior, a mesma solicitude enténdese como solicitude do anticipo, quedando o beneficiario obrigado a presentar a documentación xustificativa da subvención no prazo de dous meses desde a data final da actividade subvencionada, e en todo caso, antes do 30 de setembro de 2023.

En función do gasto subvencionable solicitado (compatibles entre si ata o límite máximo de 3.000 euros en total), coa excepción exposta:

a) Gastos de constitución empresarial:

Factura do gasto realizado no que conste o concepto do mesmo e a escritura, rexistro, proxecto concreto obxecto do gasto e a data en que foi realizado.

Xustificante de pago da factura a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

b) Arrendamento:

Contrato de arrendamento formalizado con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 a nome da entidade que solicita a subvención e para o local onde se desenvolve a actividade que estará situado no termo municipal da Coruña.

Xustificante de pago das facturas de aluguer dos meses comprendidos entre xaneiro e xuño do 2023, inclusive ambos, a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

c) Gastos que se executen no local arrendado, que cumpra os requisitos para ser subvencionable, de reparación e mantemento necesario para o desenvolvemento da actividade:



Factura do gasto no que conste o concepto da reparación ou mantemento realizado.

Informe que xustifique o alcance do mesmo, así como que non constitúe investimento, a data de realización do mesmo e que a súa realización é necesaria para o desenvolvemento da actividade.

Xustificante de pago da factura a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

d) Gasto corrente:

Factura do gasto realizado no que conste o concepto do mesmo, o local obxecto do consumo de subministración e o período nos que se realizou o mesmo, que deberán estar comprendidos no período subvencionable.

Xustificante de pago da factura a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

e) Primas de seguros de responsabilidade civil:

Póliza do seguro de responsabilidade civil correspondente a algunha anualidade comprendida no período subvencionable, 2022 e/ou 2023.

Xustificante de pago da prima anual (período subvencionado) a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

f) Establecemento ou mellora da identidade corporativa:

Breve memoria descritiva do material adquirido e da súa relación coa mellora da identidade corporativa, coa incorporación dalgunha evidencia xustificativa do mesmo.

Xustificante de pago da factura a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

g) Gastos relativos á elaboración de proxectos sostibles no ámbito do aforro enerxético, transición enerxética ou dixital:

Factura do gasto no que consten os honorarios do proxecto encargado.

Informe que xustifique que este proxecto se realizou para executar no local arrendado, afecto á actividade e situado no municipio da Coruña.

Xustificante de pago da factura a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

h) Gastos derivados da realización de proxectos cualificados como de economía social, conforme aos principios reitores recolleitos no artigo 5 da Lei 6/2016 do 4 de maio:

Factura do gasto no que consten os honorarios do proxecto encargado.

Xustificante de pago da factura a través de transferencia bancaria, xustificante de cobro da mesma e do movemento bancario realizado.

En tódolos casos é imprescindible que quede claramente garantida a trazabilidade entre o gasto subvencionado e a factura e resto de documentación xustificativa do mesmo, en caso contrario o gasto entenderase non xustificado.

Se a solicitude de subvención e os documentos de xustificación non reúnen os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de quince días hábiles (artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións) indicándolle que se non o fai desistirse a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas..

Base 12. Iniciación e tramitación

O procedemento de concesión das subvencións **iniciarase** mediante convocatoria aprobada por Xunta de Goberno local do Concello da Coruña, publicándose un extracto da mesma no Boletín oficial da provincia da Coruña.

O prazo de apertura da convocatoria publicarase nos boletíns correspondentes.

O texto completo da Convocatoria será publicado así mesmo na Sede electrónica do Concello da Coruña

Base 13. Procedemento: Instrución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao medio propio que a Xunta de Goberno resolva encargar a instrución, tramitación e aboamento das subvencións, a cuxos efectos previamente se realizará transferencia do importe total da subvención.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- b) Avaliación das solicitudes, efectuada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na convocatoria da subvención.

Se a solicitude de subvención e os documentos de xustificación non reúnen os requisitos establecidos por esta convocatoria,



incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de quince días hábiles (artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións) indicándolle que se non o fai desistirse a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas..

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere precisa para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

Base 14. Procedemento de concesión: Determinación da contía da subvención

Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante virá determinada polo sinalado nas Bases da convocatoria e seguindo a orde de presentación das solicitudes. Os diferentes gastos subvencionables son compatibles entre si, co límite máximo de 3.000 euros, a excepción do disposto na Base 8ª.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para ser atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou un incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

No caso de que despois de resolver todas as solicitudes presentadas no sentido que proceda en cada caso e cerrados en vía administrativa os procedementos correspondentes aos solicitantes do período de orixe, non se esgotase a totalidade do crédito, poderá abrirse coas mesmas Bases e condicións unha nova convocatoria de subvención.

Base 15. Procedemento de concesión: Trámite de emenda, no seu caso, resolución e aboamento.

15.1. O órgano instructor formulará motivadamente proposta de concesión que poderá ser individual ou colectiva e que deberá notificarse/publicarse ás persoas interesadas.

A presentación da solicitude de subvención implica a petición do importe solicitado, sen que sexa posible conceder un importe superior ao solicitado aínda que o importe xustificado sexa superior, nin reformular a solicitude inicialmente presentada.

Sen prexuízo do anterior, as persoas beneficiarias poderán renunciar á subvención con anterioridade á resolución da subvención, ou no seu caso, poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida.

Para proceder ao pago da subvención deberase indicar no formulario de solicitude mediante declaración responsable os datos bancarios en formato IBAN da conta pola que deben efectuar os ingresos relacionados coa subvención.

Poderase achegar tamén o **modelo de alta ou modificación de datos en terceiros**, onde figuren os datos bancarios en formato IBAN, que poderá descargarse na seguinte ligazón

https://www.coruna.gal/descarga/1390788791572/mod040_Terceiros_campos.pdf

Base 16. Resolución e notificación.

Resolución

Á vista das subvencións que constan na proposta de concesión, o órgano competente resolverá o procedemento, ben de maneira individual ou colectiva.

A resolución ditarase individual ou colectivamente e notificarase ás persoas beneficiarias ou será obxecto de publicación na sede electrónica.

Se se renunciase á subvención por algunha das persoas beneficiarias ou, de acordo á Base 4.3, se incrementase o crédito orzamentario, o órgano que o conceda acordará, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos e condicións administrativas e técnicas establecidas nas Bases, e sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes segundo a orde de entrada.

Notificación da resolución

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo de resolución e notificación/publicación da concesión das subvencións é de seis meses, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación.

O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos de solicitudes interromperá este prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento deste prazo máximo sen notificar/publicar a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.



A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Forma de notificación.

As notificacións de resolucións e actos administrativos e de trámite practícaranse **só por medios electrónicos**, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse **a través da sede electrónica do Concello da Coruña**. Remítirase ás persoas interesadas un aviso de posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á dirección de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. **Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida** segundo indica o artigo 41.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. O rexeitamento da notificación equivale á súa práctica, ao amparo dos artigos 30.4, 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do artigo 45 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Concello da Coruña practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 17. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

Contra dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

Base 18. Forma e prazo da xustificación:

Forma de xustificación.

As entidades beneficiarias da subvención están obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Se os documentos de xustificación non reúnen os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos, o órgano instructor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de quince días hábiles (artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións), indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O importe da subvención está vinculado ao importe debidamente xustificado. No suposto de recibir outras axudas ou subvencións para o mesmo obxecto e finalidade, compatibles coas establecidas nestas Bases, a contía acumulada non poderá superar o 100% dos custos subvencionables aprobados. O/a beneficiario/a deberá xustificar que realizou a actividade de que se trate, nos termos da solicitude presentada.

O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, os servizos de auditoría que se poidan contratar, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

A documentación acreditativa da xustificación da subvención, poderá ser presentada coa solicitude ou ben nun momento posterior e en todo caso antes do 30 de setembro do 2023, na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>

No suposto que a documentación xustificativa da subvención se presentase xunto coa solicitude, aboaráse un único pago do 100% do total da subvención concedida (postpagable), como financiamento necesario para os gastos xustificadas inherentes á subvención.

No suposto que coa solicitude da subvención non se achegue a xustificación do gasto, concederáse un pago anticipado polo total do importe da subvención. Neste caso deberá constituírse unha garantía do 2% do importe total da subvención concedida, que poderá realizarse mediante a retención do pago polo Concello da Coruña desta porcentaxe. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

A documentación acreditativa da xustificación da subvención, no suposto de non presentala coa solicitude, deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal> con destino ao órgano instructor no prazo de dous meses contados a partir da finalización do prazo para a realización da actividade ou proxecto obxecto de subvención concedido. En todo caso, o prazo máximo para a admisión da xustificación finaliza o 30 de setembro de 2023.

Libérase ás entidades subvencionadas do establecemento de garantías, segundo o disposto no artigo 42.1 segundo parágrafo do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, no suposto de gastos xustificadas con anterioridade á súa concesión e dada a natureza da subvención e a súa finalidade.

O cumprimento do obxectivo e o compromiso adquirido de mantemento da actividade desde o inicio da actividade ata o 31 de decembro de 2023, deberá ser asumido como obrigación da entidade beneficiaria na declaración responsable, podendo ser en caso que conste o seu non cumprimento por algún medio obxecto de esixencia de reintegro.

Base 19. Compatibilidade

Esta subvención é compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas. Con todo, no suposto de recibir outras subvencións polo mesmo gasto realizado, en ningún caso as subvencións concedidas poderán superar o custo da actividade subvencionada, procedendo ao reintegro pola parte dos ingresos que excedan do gasto realizado.

Ademais, están sometidas ao réxime de minimis en todas as súas liñas, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 do 24 de decembro de 2013).

Base 20. Reintegro das subvencións concedidas

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención concedida no suposto de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Base 21. Causas do reintegro das subvencións concedidas

O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do interese legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do pago da subvención ata a data do reintegro, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados na Base anterior:

- a. Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou incumprimento dos requisitos que fundamentan a concesión da subvención.
- b. Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4da Lei xeral de subvencións.
- c. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento dos deberes contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
- d. Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.
- e. Obtención doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, cando non sexan compatibles ou cando superen os límites establecidos.
- f. Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 inclusive do Regulamento xeral para a aplicación da citada lei.
- g. Non manter a actividade desde o seu inicio ata o 31 de decembro de 2022.
- h. Non respectar a obrigación de que a actividade estea situada no termo municipal da Coruña.

O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

Base 22. Información ás persoas interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>); a través da páxina web oficial municipal (<https://www.coruna.gal/empresa/>).

Base 23. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, co Concello da Coruña como órgano responsable.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 13 ao 18 da citada Lei, a través da Sede electrónica do Concello



da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites>, engadindo na descrición da procura de procedementos o texto "Protección de datos de carácter persoal".

Base 24. Información estatística adicional

A información fornecida polas persoas solicitantes poderase utilizar con fins estatísticos sobreos resultados das actividades ou investimentos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación e seguimento da situación socioeconómica que estableza o Concello da Coruña, para ese efecto.

Base 25. Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias serán obxecto de publicación no Portal da transparencia do Concello da Coruña.

<http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-gestion/subvencions-e-axudas>